

BASES DÍA DA NAI 2026

1.- ORGANIZADORA E OBXECTO DO CONCURSO:

A Asociación de Comerciantes da Estrada (máis adiante “a Organizadora”) con CIF G36310076 e domicilio social Rúa Ulla nº 4 A Estrada CP:36680 (Pontevedra), decidiu poñer en marcha a presente acción para a promoción das VENDAS na denominada “Campaña do Día da Nai”

2.- ÁMBITO TEMPORAL E TERRITORIAL

O sorteo estará aberto a participación dende o día 14 de abril ata o 3 de maio, ambos os incluídos. A acción promocional levará a cabo no municipio da Estrada.

3.- LEXITIMACIÓN PARA PARTICIPAR

O presente concurso diríxese exclusivamente a todas as persoas maiores de idade que adquiran, no período de tempo comprendido entre o 14 de abril ata o 3 de maio, tickets de compra en calquera dos comercios asociados por valor igual ou superior a 10 €.

4.- MECÁNICA DO SORTEO E PARTICIPACIÓN

4.1.- VALES DE COMPRA

Toda persoa lexitimada para participar no concurso en virtude do establecido no punto 3 das presentes bases que adquira no período de duración do concurso os tickets de compra en calquera dos comercios asociados por valor igual ou superior a 10 €, deberán enviar unha foto do mesmo lexible ao número de teléfono 613 88 50 82 para ser incorporados á base de datos.

Por cada 10 € obterán unha participación. Así mesmo, toda persoa poderá conseguir tantas participacións no sorteo como compras realice no período de vixencia da promoción.

Por cada ticket haberá un máximo de 50 participacións.

Na foto deberá estar perfectamente lexible o número de ticket ou factura así como o importe total da compra e a data. Non se aceptarán tickets de devolucións ou cambios (a non ser que no mesmo ticket apareza a compra doutro produto de importe superior á compra inicial dentro do período do sorteo).

4.2.- TALLER DE PINTURA EN TEA

Número de prazas 40 repartidas en dous grupos para o día 30 de abril.

Os clientes deberán presentar un ticket dalgún comercio asociado superior a 10 € e achegarse a ACOE para inscribir o neno ou nena no taller.

5.- SORTEO

O sorteo dos vales levarase a cabo o día 4 de maio mediante aplicación informática onde se volcará a base da datos.

Realizarase un sorteo por premio e estableceranse 3 suplentes que substitúan ao gañador para o caso de identificación incompleta ou incorrecta do agraciado ou incumprimento dalgunha das bases da presente promoción, así como para o caso de renuncia do agraciado ou imposibilidade de localizarlle nun prazo máximo de 5 días a contar desde a data de celebración do sorteo. Só haberá un premio por persoa.

6.- PREMIOS

Os premios da presente promoción consisten en 5 tarxetas cada unha cun valor de 50 € que poderán gastar no comercio asociado.

7.-GAÑADORES

Serán gañadores aquelas persoas escollidas ao azar o día 4 DE MAIO DE 2026. Só computarán a efectos de participacións no sorteo as compras efectuadas no período vixente da promoción.

A Organizadora contactará mediante o número de teléfono da base de datos coas persoas premiadas, para comunicarlles que resultaron gañadoras.

Se no transcurso de 5 días desde a comunicación, non contestou, procederase a contactar co primeiro suplente e así sucesivamente.

A Organizadora poderá comunicar, se o estima oportuno, os nomes dos gañadores a través da páxina web, redes sociais, radio e/o prensa.

Producida a aceptación expresa do premio, na data determinada de mutuo acordo entre a Organizadora e o premiado, terá lugar a entrega oficial dos premios.

8.- RESPONSABILIDADE DA ORGANIZADORA

A Organizadora non será responsable dos atrasos na entrega do premio por motivos alleos á súa vontade e, por circunstancias excepcionais de forza maior que puidesen impedir ao gañador o gozar do mesmo.

A Organizadora queda exonerada, de calquera responsabilidade que puidese derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso polos participantes no sorteo das presentes Bases.

9.- DEREITO DE EXCLUSIÓN

A Organizadora resérvase o dereito de descartar e excluír do Sorteo aos participantes e os comercios cando presenten/entreguen tickets de compras con datos falsos e/o incorrectos, cando, de calquera forma, fraudulenta ou artificial, manipulen a súa participación no Sorteo.

10.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E DA IMAXE

A empresa organizadora poderá publicar no ou os medios que considere oportunos o nome completo ou iniciais da persoa gañadora do concurso, salvo manifestación expresa en contrario por parte do gañador do concurso, que deberá presentar á Organizadora por escrito á dirección na dirección Rúa Ulla nº 10 A Estrada CP:36680 (Pontevedra) de conformidade co que dispón a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle que os seus datos serán incorporados nun ficheiro titularidade de ACOE, ante a que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

A finalidade do tratamento é a de desenvolver a súa participación no sorteo. Así mesmo, os participantes garanten que os datos persoais facilitados á Organizadora son veraces e fanse responsables de comunicar a esta calquera modificación aos mesmos.

11.- APLICACIÓN DAS BASES.

A participación neste concurso implica a aceptación íntegra das Bases e a submisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organizadora. A Organizadora se reserva a facultade de prorrogar a duración do concurso, así como de suspendelo ou poñerlle fin de forma anticipada, e tamén de modificar e/o engadir anexos sucesivos sobre estas Bases, se así o estimase conveniente. As modificacións e/o anexos deberán publicarse de forma que todos os participantes teñan acceso a dita información.